

Prezos percibidos e pagados polas explotacións leiteiras. Decembro 2005 COMUNICADO

O prezo do leite creceu en decembro de 2005 un 0,7% con respecto ao mes anterior e descendeu un 6,6% con respecto a decembro de 2004

O prezo do leite percibido polos gandeiros creceu en decembro de 2005 un 0,7% en relación ao mes anterior

O prezo percibido polos gandeiros polo leite en decembro de 2005, que se situou en 30,0 euros por cen litros, aumentou un 0,7% con respecto ao prezo de novembro. Se a serie se corrixe de estacionalidade a variación relativa sobre o mes anterior sitúase no 0,2%. Con respecto ao prezo de decembro de 2004 a variación foi dun -6,6%, descenso similar ao dos tres meses anteriores. En termos de datos corrixidos de estacionalidade a variación interanual foi dun -6,4%. O prezo total medio en 2005 descendeu un 2,9% con respecto a 2004.

Atendendo ás compoñentes do prezo, foron as primas as que contribuíron ao aumento do prezo total xa que creceron un 6,4% en decembro de 2005 con respecto a novembro. O prezo base descendeu con respecto a novembro un 0,6%. Con respecto a decembro de 2004 o comportamento é similar: descende o prezo base (10,3%) e crecen as primas (10,3%).

O prezo do leite creceu en tódalas provincias en decembro de 2005 con respecto a novembro de 2005

Tendo en conta a información provincial, o prezo do leite creceu en tódalas provincias. Un 2,0% en Pontevedra, un 1,4% en Ourense e un 0,6% en A Coruña e Lugo. As taxas interanuais de decembro foron negativas en tódalas provincias, con descensos preto do 7% en A Coruña, Lugo e Pontevedra e do 2,6% en Ourense.


Prezos percibidos e pagados polas explotacións leiteiras. Decembro 2005.

	Dato (€100 l)	% variación sobre	
		mes anterior	Mesmo mes ano anterior
<i>Prezos do leite</i>			
Prezo total	30,0	0,7%	-6,6%
Prezo base	23,9	-0,6%	-10,3%
Total primas	6,1	6,4%	10,3%
Datos corrixidos de estacionalidade			
Prezo total	28,9	0,2%	-6,4%
Prezo base	23,4	-0,6%	-10,5%

FONTE: IGE. Prezos percibidos e pagados polas explotacións leiteiras



No seguinte gráfico pódese observar a evolución do prezo do leite total e base dende 1994.



FONTE: IGE. Prezos percibidos e pagados polas explotacións leiteiras

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>
e-mail: ige@xunta.es